

ACTA 2015-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

10 de Xullo de 2015

Lugar

SALA DE XUNTAS DO CONCELLO

Hora de Inicio

18:00

Hora de Finalización

18:45

Presidente: FRANCISCO RODRIGUEZ RODRIGUEZ

Secretario: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

Interventor: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO NUÑEZ ESTEVEZ

CAMILA DIEGUEZ ARIAS

GLORIA LOSADA SABÍN

JOSE LUIS GONZALEZ RODRIGUEZ

PILAR BARRUECO SALVADOR

SERVANDO PEREZ MATIAS

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma adoptáronse os seguintes,

APROBACION DA ACTA DA SESION CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACION DO DIA 13 DE XUÑO DE 2015.

Téndose remitido ós Sres./as. concelleiros/as, a acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 13 de xuño de 2015, o Sr. Presidente, convida ós asistentes, a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ao texto proposto.

Concedida a palabra á concelleira, Sra. Losada Sabín, indica que non aproba a acta porque nela se indica que o concelleiro Sr. Servando Pérez Matías, xurou o cargo e non xurou que prometeu.

Concedida a palabra ao concelleiro, Sr. Pérez Matías, indica, que el xurou o cargo, recorda, que cando prometeu o cargo, foi na lexislatura anterior, hai catro anos, pero que nesta ocasión, xurou o cargo.

Non promovéndose máis debate, sometida a acta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (catro votos a favor e un voto en contra) **dos membros presentes da Corporación.**

TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA D^a. PILAR BARRUECO SALVADOR

Toma a palabra a Sra. Secretaria da corporacion e indica que Dna Pilar Barrueco Salvador, que figura na acta de proclamación da Xunta electoral de zona, remitida a este Concello, entregou con anterioridade, na Secretaría Xeral, a súa credencial de concelleira electa e tamén, ten presentadas as declaracións dos seus bens e dereitos patrimoniais e de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, as que pasan a integrar o libro de Rexistro de Bens Patrimoniais e o libro de Rexistro de Actividades respectivamente.

Logo de comprobar que non se aprecia causa de incompatibilidade, a Sra. Secretaria da Corporación, indica, que o xuramento ou promesa de acatamento a Constitución, esixido polo artigo 108-8 da Lei 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, prestarase baixo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979.

D^a. Pilar Barrueco Salvador, ca Constitución Española diante, promete pola súa conciencia e honra, cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Chandrexa de Queixa, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

Tras a toma de posesión como concelleira, se incorpora á sesión D^a. Pilar Barrueco Salvador.

Acto seguido e tras considerar que se cumpren os requisitos legalmente recoñecidos, para a adquisición da condición de concelleira, o Pleno da posesión a D^a. Pilar Barrueco Salvador.

DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DO NOMEAMENTO DE VOCEIROS

Pola Sra. Secretaria- Interventora procédese a dar conta dos escritos presentados no Rexistro Xeral do Concello, de constitución de grupos políticos e voceiros dos mesmos:

Grupo Político Municipal do PP, integrado polos seguintes concelleiros:

D. Francisco Rodríguez Rodríguez.
D. Alberto Núñez Estévez.
Dna. Camila Diéguez Arias.
D. Servando Pérez Matías.
D. José Luis González Rodríguez.

Actuará como Voceiro titular, D. Servando Pérez Matías e como Voceiro suplente, D. Alberto Núñez Estévez .

Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE, integrado polos seguintes concelleiros:

Dna. Pilar Barrueco Salvador.
Dna. Gloria Losada Sabín.

Actuará como Voceira titular Dna. Pilar Barrueco Salvador.

DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co preceptuado nos artigos 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 38 e 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o artigo 210 e ss. Da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e dentro do límite marcado polos preceptos mencionados

PROPOÑO Ó PLENO CORPORATIVO, a adopción do seguinte réxime de sesións ordinarias:

Primeiro: *As sesións plenarias ordinarias do Pleno do Concello de Chandrexa de Queixa, terán unha periodicidade bimensual, celebrándose nos meses pares (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro, e decembro) e desenvolveranse o terceiro venres de cada un dos meses sinalados, ás dezoaio horas. Esta data variará, e poderá alterarse, de coincidir tal*

día en festivo ou tratarse dos meses de agosto ou decembro, facultando ao Sr Alcalde –Presidente, para establecer una nova data.

Segundo: Non obstante, facúltase ao Sr Alcalde -Presidente, para que, puntualmente, poda alterar a data dalgunha sesión ordinaria, sempre que se cumpra a periodicidade legal."

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que non está de acordo co punto segundo da proposta xa que nunha ocasión se adoptou un acordo no que se indicaba que se podería cambiar un pleno de houber algunha necesidade xustificada, continúa decindo que cando ela necesitou que se cambiara un pleno debido a que estaba a súa nai moi enferma non se cambiou e se incumpriu o acordo e remata indicando que por iso non vai votar a favor.

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (cinco votos a favor do grupo municipal do PP e dous abstencións do grupo municipal do PSdeG-PSOE) **dos membros presentes da Corporación.**

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamente se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

RESULTANDO que o pasado día 13 de xuño, tivo lugar a constitución da Corporación do Concello de Chandrexa de Queixa, como consecuencia das eleccións locais, celebradas en data vinte e catro de maio do ano presente, sendo proclamado Alcalde, o que subscribe.

VISTO o preceptuado no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF) , procede a constitución, determinación da composición e réxime de funcionamento da Comisión Especial de Contas e Asuntos Económicos deste Concello, ó ser a única de existencia preceptiva en atención ó disposto nos artigos 20.1 c) e 20.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

VISTO o sinalado no artigo 124.2, en relación co artigo 125, ambos do ROF, corresponde ó Pleno da Corporación, a proposta do Alcalde-Presidente, a determinación do seu número e denominación iniciais, procurando a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Por todo o exposto, de conformidade co disposto no artículo 38, en relación co artigo 127 e 134 a 138 do ROF, por esta Alcaldía propónse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Que se cree a Comisión Especial de Contas do Concello de Chandrexa de Queixa, coas funcións de exame, estudo e informe de todas as contas orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido no artigo 123.3 da Lei 7/1985, e demais que lle correspondan segundo a Lei.

Segundo: Estará formada por catro membros, incluído o seu Presidente efectivo e coa seguinte representación proporcional de cada grupo político municipal: tres membros do grupo municipal do PP e 1 membro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Terceiro: A adscripción concreta á Comisión dos membros da Corporación, que deban formar parte da Comisión creada, realizarase mediante escrito do portavoz de cada grupo municipal, do que se dará conta ao Pleno, podéndose e aconsellándose designar suplentes. O nomeamento dos membros, atendendo as propostas de cada grupo municipal, realizarase polo Alcalde-Presidente do Pleno, dentro do prazo de 5 días, dando conta ao Pleno do Concello, na primeira sesión que se celebre.

Cuarto: A Comisión estará presidida polo Alcalde, quen poderá delegar a presidencia en calquera membro da

Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Quinto: *Axustará o seu funcionamento ó disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF, e celebrarán sesión ordinaria na data establecida polo Alcalde, coa antelación suficiente, para emitir dictame nos asuntos a tratar no Pleno".*

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que se vai abster xa que non puido estudar a documentación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, indica, que a Sra. Barrueco, non era concelleira, ata hoxe, polo que non tiña os dereitos dos concelleiros, continúa decindo, que desde hoxe, si que é concelleira, que tivo tempo de tomar posesión antes, pero que tiña outras cousas máis importantes que facer, o que era problema dela.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que ela tivo os seus problemas e que son dela, continúa decindo que ten tempo para tomar posesión pero que si queren que debata algo teranlle que dar a información e que non se lle deu antes.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que ten dereito, desde o momento da toma de posesión e non antes.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que sería máis fácil da outra maneira.

Neste momento, se lle entrega a proposta de alcaldía, á Sra Barrueco, para que poida estudala. Logo do seu estudo, se devolve á mesma.

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (cinco votos a favor do grupo municipal do PP e dous abstencións do grupo municipal do PSdeG-PSOE) **dos membros presentes da Corporación.**

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA.

*De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, constituída a nova Corporación municipal tras as eleccións locais do pasado 24 de maio de 2015, Por todo o anteriormente exposto, **PROPOÑO AO PLENO CORPORATIVO** a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro : *De conformidade co establecido na normativa reguladora dos Consellos Escolares Municipais e de Centros Públicos de Ensinanza, nomear como representante municipal no Consello Escolar do centro escolar de Castro Caldelas, Montederramo e Trives á Concelleira Dna. Camila Diéguez Arias*

Segundo: *Nomear como representante municipal nos organos colexiados do Grupo de Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea ao Alcalde – Presidente D. Francisco Rodríguez Rodríguez".*

Non promovéndose debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (cinco votos a favor do grupo municipal do PP e dous abstencións do grupo municipal do PSdeG-PSOE) **dos membros presentes da Corporación.**

COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS E DELEGACIÓNS.

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, dos decretos de alcaldía de nomeamentos e delegacións, que estiveron a disposición de tódolos membros da corporación e dos que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tras a celebración das eleccións municipais do 24 de maio de 2015, e téndose procedido con data 13 de xuño de 2015, á constitución da nova Corporación Local.

En virtude das atribucións que me confieren os artigos 21.1.h) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local, e 41.19 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Designar, de conformidade co artigo 2.f).3.º do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, como Tesoureira do Concello de Chandrexa de Queixa, á funcionaria deste Concello, Dña María Isabel Vasallo Gil.

Á Tesoureira nomeada, prévia aceptación do seu cargo, lle corresponde encanto tal e de conformidade co artigo 5 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, sobre Réxime Xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional :

O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes, no que se incluíra a realización de cantos cobros e pagos corresponda aos fondos e valores da Entidade; a organización da custodia de fondos, valores e efectos de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia, e executar, conforme ás directrices marcadas pola Corporación, as consignacións en Bancos, Caixa Xeral de Depósitos e establecementos análogos, autorizando, xunto co Ordenador de pagos e o Interventor, os cheques e demais ordes de pago que se xiren contra as contas abertas en ditos establecementos; a formación dos Planos e Programas de Tesorería, distribuindo no tempo as disposicións dinerarias da Entidade para a puntual satisfacción das súas obrigas, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme ás directrices marcadas pola Corporación.

A Xefatura dos Servizos de Recaudación, que a súa vez comprende o impulso e enderezo dos procedimentos recaudatorios, proferindo as medidas necesarias para que a cobranza se realice dentro dos prazos sinalados; a autorización dos Pregos de cargo de valores que se entreguen aos recaudadores e axentes executivos; dictar Providencia de apremio nos expedientes administrativos deste carácter e autorizar a poxa de bens embargados, e a tramitación dos expedientes de responsabilidade por perxuízo de valores.

SEGUNDO: Designar, como Tesoureira accidental, á concelleira, Dña. Camila Diéguez Arias, para que nos intres nos que sexa preciso substituír, á Tesoureira municipal, se faga cargo do departamento de tesourería.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ás designadas, considerandoa aceptada, se no prazo de tres días hábiles, non manifestan oposición a esta.

CUARTO. Comunicar aos Bancos, Caixa Xeral de Depósitos e establecementos análogos o nomeamento da Tesoureira e da Tesoureira accidental, desta entidade local, tras a aceptación dos seus cargos.

QUINTO. Dar conta ó Pleno do Concello, desta resolución, na primeira sesión que celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde, en Chandrexa de Queixa, a 15 de xuño de 2015"

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Resultando que o pasado día 13 de xuño tivo lugar a constitución da Corporación do Concello de Chandrexa de Queixa, como consecuencia das eleccións locais celebradas en data 24 de maio do ano presente, sendo proclamado Alcalde o que subscribe.

Vistos os artigos 20, 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LRBRL) e 46 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (en adiante ROF),

RESOLVO:

Primeiro.- *Para a substitución desta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento, nomeo, pola orde que se indica, como Tenentes de Alcalde ós seguintes Concelleiros:*

Tenente de Alcalde D. Servando Pérez Matías.

Tenente de Alcalde D. Alberto Núñez Estévez.

Segundo.- *Notificar a presente Resolución aos concelleiros designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa, dar conta do mesmo ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 do ROF e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Taboleiro de Anuncios deste Concello.*

Mandouno o Sr. Alcalde, en Chandrexa de Queixa, a 1 de xullo de dous mil quince".

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tras a celebración das eleccións municipais do 24 de maio de 2015, e téndose procedido con data 13 de xuño de 2015, á constitución da nova Corporación Local.

Vistos os artigos 20, 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LRBRL), 43 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (en adiante ROF),

RESOLVO:

Primeiro: *Realizar as seguintes Delegacións xenéricas, abarcando a facultade de dirección dos servizos correspondentes, e de xestión en xeral, pero non incluíra a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:*

Na Concelleira, Dña. Camila Diéguez Arias a área de sanidade, muller e servizos sociais

No Concelleiro, D. Jose Luis González Rodríguez a área de agricultura, gandería, montes e medio ambiente

No Tenente de Alcalde, D. Servando Pérez Matías a área de turismo e protección civil

No Tenente de Alcalde, D. Alberto Núñez Estévez a área de economía, facenda e patrimonio e a área de cultura, educación e deportes.

Segundo: *Notificar a presente Resolución ós concelleiros afectados, indicándolles o deber que teñen de manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas funcións delegadas.*

Terceiro: *Dar conta da presente Resolución ó Pleno do Concello na sesión extraordinaria a convocar en cumprimento do preceptuado no artigo 38 do ROF.e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de Anuncios deste Concello.*

Mandouno o Sr. Alcalde, en Chandrexa de Queixa, a 1 de xullo de dous mil quince".

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, solicita que se lle dé unha copia das resolucións.

CONTÍA DAS ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido nos artigos 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 13 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

Propoño que o Pleno da corporación adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Tódolos membros da Corporación percibirán asistencia pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:*

A.- *Asistencia ás sesións do Pleno da Corporación: cincuenta euros (50 €).*

B.- *Asistencia ás sesións das Comisións Informativas: cincuenta euros (50€).*

SEGUNDO.- *Tódolos membros da Corporación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas".*

Non promovéndose debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **unanimidade** (sete votos a favor do grupo municipal do PP e do grupo municipal do PSdeG-PSOE) **dos membros presentes da Corporación.**

DELEGACION DE COMPETENCIAS DO PLENO NO SR. ALCALDE-PRESIDENTE.

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Segundo o establecido no artigo 22 da Lei de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 2 de Abril, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no apartado 2, parágrafos a, b, c, d, e, f, g, h, i, l, e, p, e no apartado 3 deste artigo.

En virtude do establecido neste artigo

Propoño que o Pleno da corporación adopte o seguinte acordo:

Primeiro: *Que se delegue na Alcaldía-Presidencia o exercicio das seguintes atribucións:*

- 1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.*
- 2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.*
- 3. A concertación das operacións de crédito a contía acumulada do cal, dentro de cada exercicio económico,*

exceda do 10% dos recursos ordinarios do Presuposto -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora de Facendas Locais, regulada por R.D. 2/2004.

4. *Os contratos de obras, de suministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades superen o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a cuantía sinalada.*
5. *A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.*
6. *A adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmóbiles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento ou o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere o porcentaxe ou a cuantía indicados. Asemade a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmóbiles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio, cando non estea atribuída ao Alcalde- Presidente e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.*
7. *As demais que expresamente lle confiran as leis.*

Segundo: *Ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de Anuncios deste Concello."*

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que non está de acordo en que o Sr. Alcalde teña tantas atribucións tendo en conta que este é un concello pequeno e que o normal é que sexa o Pleno o que teña estas competencias, continúa decindo que o seu grupo municipal se pregunta si é normal que se lles denegue información xa que os concelleiros están postos polos veciños.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e pregunta, cando se lles denegou algo.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que moitas veces e que aínda en febreiro pediu unha documentación que se lle denegou.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que o que pide, se lle da e continúa decindo, que a documentación protexida pola Lei de protección de datos, non se lle pode dar, pero que o resto estivo todo ao seu alcance.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que antes de falar debe informarse porque minte.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que a que minte, é ela.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, reitera que en febreiro pediu unha documentación e que non se lle deu.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que especifique a documentación que non se lle deu.

Interrumpe a voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que se lle retira a palabra e reitera, que se lle deu todo.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, reitera que o Sr Alcalde non ten razón e indica que ao próximo pleno traerá a carta da axencia de protección de datos para que vexa que minte xa que se ampara na Lei de protección de datos para non darlle a información e iso non é certo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e reitera, que a concelleira minte, xa que conforme á Lei de protección de datos, non se lle pode dar determinada documentación.

Interrumpe a voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que se quere que lle retire a palabra e a poña fóra, porque o está chantaxeando.

Toma a palabra a voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador e indica que o Sr Alcalde lle está ofendendo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que se procede á votación.

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (cinco votos a favor do grupo municipal do PP e dous votos en contra do grupo municipal do PSdeG-PSOE) **dos membros presentes da Corporación.**

**APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO
POLA CELEBRACIÓN DE EVENTOS FESTIVOS-GASTRONÓMICOS, ESPECTÁCULOS OU
ACTIVIDADES DE ÍNDOLE CULTURAL**

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA AO PLENO

Dada a necesidade de aprobar unha ordenanza municipal reguladora dos prezos públicos pola celebración de eventos festivos-gastronómicos, espectáculos ou actividades de índole cultural, co fin de repercutir no administrado os costes derivados da realización desas actividades, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora dos prezos públicos pola celebración de eventos festivos-gastronómicos, espectáculos ou actividades de índole cultural.

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA CELEBRACIÓN DE EVENTOS
FESTIVOS-GASTRONÓMICOS, ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DE ÍNDOLE CULTURAL**

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO LEGAL E OBXECTO.

De conformidade có establecido no artigo 41 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais, as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non concorran algunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1B) desta Lei. Con fundamento na norma exposta o Concello de Chandrexa de Queixa establece o prezo público pola celebración de eventos festivos-gastronómicos, espectáculos ou actividades de índole cultural.

Por razóns de carácter cultural e interese público, tal e como se regula no artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, os prezos públicos referentes á “Festa do Cordeiro” e á “Festa do Magosto” e que se fixan nesta Ordenanza, non se corresponden cós custos reais da actividade, existindo, así e todo, consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza resultante.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS AO PAGO.

Están obrigados ó pagamento do prezo público as persoas físicas, xurídicas e entidades do artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que se beneficien das actividades ás que se refire a presente Ordenanza, sempre e cando sexan organizados polo Concello de Chandrexa de Queixa.

ARTIGO 3º. EXENCIÓNS

Estarán exentas do pago as adquisicións realizadas polo propio Concello.

ARTIGO 4º. TARIFAS

A esixencia do prezo público procederá pola realización das seguintes actividades:

Eventos festivos-gastronómicos que teñan por obxecto promocionar os produtos do Concello, distinguindo entre:

Xantar, como pode ser a “ Festa do Cordeiro ”

Adultos.....17,00 € (ive incluído)

Nenos de 3 a 12 anos.....8,00 € (ive incluído)

Nenos menores de 3 anos.....0,00 €

O “Magosto”

Adultos e nenos.....1,50 € (ive incluído)

B) Espectáculos como representación teatrais, proxeccións de cine, actuacións musicais, exposicións ou similares.

C) Actividades de índole cultural como excursións de carácter cultural ou análogos.

Neste dous últimos casos, o prezo público se determinará tendo en conta o gasto total da actividade e dividíndose entre o número de entrada que se poñan á venda.

Estes prezos públicos poderán ser inferiores ao custo da actividade, sempre que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen. Nestes casos deberá consignarse no orzamento municipal as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante.

Corresponde o establecemento dos importes prezos públicos ao Sr. Alcalde- Presidente, que en todo caso adoptará acordo motivado no que se faga constar, sempre de conformidade ao sinalado nesta ordenanza:

A actividade que motive seu establecemento.

O importe do prezo público.

A declaración expresa de concorrencia de razóns de tipo social, benéfico, cultural ou de interese público para fixa-lo importe do prezo público por debaixo do custo da actividade.

ARTIGO 5º. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAR.

A obriga de pagar nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade. Cando por razóns non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se realice, procederá a devolución do importe abonado.

As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

ARTIGO 6º. FORMA DE PAGO

O pago do prezo público realizarase simultaneamente á entrega da entrada.

ARTIGO 7º. NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIA

Para os aspectos non regulados na presente Ordenanza serán de aplicación as normas contidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais, e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O contido e obxecto desta Ordenanza queda condicionado ao establecido por disposicións de obrigada aplicación que puidesen afectala.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor unha vez transcorridos quince días hábiles dende a súa publicación, conforme co establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local e permanecerá vixente ata súa modificación ou derogación.

Segundo: Somete-lo expediente ó trámite de información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de 30 días hábiles, mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados, durante o dito prazo, poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que de producirse serán resoltas polo Pleno da Corporación.

Terceiro: Se non se presentasen reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

Cuarto: O acordo definitivo ou o inicial elevado automaticamente a definitivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo tal publicación".

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, pregunta si todos van pagar o prezo público ou si hai invitacións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que iso non o regula a ordenanza.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, pregunta si os que estan como concelleiros teñen uns dereitos que non teñen os de a pé.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que os concelleiros pagan igual.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que sabe que outros anos se lle daban entradas ao Sr. Alcalde e invitaba aos que quería.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e pregunta, si se lle está acusando e continúa decindo que el non colleu invitacións para ninguén e que colleu entradas, que pagou coma os demais

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que ten probas xa que ela ten invitacións

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que invitou ao Presidente da Deputación, pero que o pagou do seu peto.

Concedida a palabra á Sra Secretaria- Interventora, indica, que antes, esta festa a organizaba unha asociación e que as asociacións non se rixen pola mesma normativa que os Concellos e por iso, non se establecía un prezo público.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, pregunta se a festa do magosto tamén a facía a asociación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que tamén a facía a asociación e que o gasto o pagaba o Concello, continúa decindo, que antes se encargaba das festas unha asociación e que agora se encarga o Concello, porque o quere facer o Concello.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que é moi elevado dicir que hai trescentas persoas para o magosto ou para a festa do cordeiro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que é unha aproximación, xa que pode haber trescentas ou cincuenta, pero se trata dunha estimación, xa que non se pode saber de maneira exacta.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal PSdeG-PSOE, Sra. Barrueco Salvador, indica que non lle queda claro o das entradas.

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (cinco votos a favor do grupo municipal do PP e dous votos en contra do grupo municipal do PSdeG-PSOE) **dos membros presentes da Corporación.**

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata á sesión extendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, a secretaria, que dou fe.

O

A Secretaria Presidente

Permuy Asdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez Asdo.: Laura Fernández